



Chelo Suárez, escritora. A súa novela *Os milagres de Cristamar* vén de gañar o IV premio de literatura erótica "Narrativas Quentes".

Chelo Suárez escritora

"O ambiente erótico está dentro de min"

Na súa novela saen prostitutas, monxas, hermafroditas e castratos. A cousa promete moito...

Promete. Escribila para min foi puro divertimento. A idea naceu nunha viaxe en autobús, descendendo pola Rúa Panadeiras da Coruña. Pareceume paradoxal que os calecos das prostitutas, Tabares e Papagaio, estivesen case parede con parede co convento das Capuchinas. As unhas adicadas ao fornicio e as outras cos seus rezos...Catro paradas máis adiante, xa tiña artellado o argumento. Logo, foi cousa de traballalo día a día.

Cando o erotismo deixa de suxerir, convértese en pornografía. Como manexou ese equilibrio na novela?

Guiada polo instinto e a naturalidade, foi que non me afastei do erotismo. Aínda que haxa escenas nas que a linguaxe sobe de ton, e cada palabra a súa sensualidade, souben conducir-

me pícara e audaz, mais sen perder de vista a lírica, polas alcobas das putas e as celas das monxas, onde o flaxelo... Xa, xa o iredes descubrindo.

Cristamar é un trasunto da Coruña do século XVII. Era daquela unha cidade máis promiscua que a que nos deixou Paco Vázquez?

Cristamar era unha cidade antiga e absolutamente promiscua, onde pasaban cousas do máis chocante. Se cadra merecedora dun alcalde coma o que nos deixou pola Santa Sede, que sería o perfecto embaixador na Roma papal, para interceder pola *santificación* de Branca Odisea...

Como se ambienta para escribir unha novela erótica? Pon a Jane Birkin cantando *Je T'Aime*... *Moi non plus*?

O ambiente erótico está dentro de min. Non teño máis que destapar o frasco que adecuado e deixo que xurda o erotismo máis lírico á vez

que o máis atrevido e lascivo. De tal unión, combinada con certa música de certos clásicos, e uns cantos lampos da Celestina e o Decamerón, o relaxamento está servido.

Xunto co seu, cre que se debería recomendar urxentemente nos institutos a Nabokov ou a Henry Miller?

Pois non vexo por que non habían de ler os rapaces de instituto *Os milagres de Cristamar*. A quen en primeiro lugar e de corazón recomendaría xa, máis ben como lectura obrigada, sería a Lolita de Nabokov, un dos meus libros de culto.

Díganos cando se publica a súa novela, por favor.

Segundo Paco Macías, o editor, para o día das Letras Galegas estará xa nas librarías.

Texto: Diego Ameixeiras

Foto: Olalla Lojo